

Relatos de Verán

Relatos dos Lectores

1.- La Voz de Galicia, S.A. convoca a 15.^a Edición dos Relatos de Verán das Páxinas Literarias que se publicarán ao longo dos 31 días de agosto do 2014. Establécense dous premios, un para os participantes menores de 16 anos e outro para os que superen esa idade.

2.- Poderán participar todas as persoas que o desexen, con relatos en galego ou en castelán, sempre que sexan inéditos e que se axusten ás seguintes condicións:

- A dimensión dos textos non poderá exceder de 25 liñas mecanografadas de corpo 11 (uns 2.100 caracteres con espazos incluídos).
- Os orixinais deberán acompañarse cos datos do autor (idade, nome, D.N.I., enderezo, teléfono, profesión e, a ser posible, unha breve indicación biográfica e fotografía tamaño carné) e co texto en soporte informático. Para participantes menores de 14 anos, os textos e datos do autor deberán ser remitidos polos seus pais ou titores legais, acompañando así mesmo os seus datos (nome, D.N.I., enderezo, teléfono de contacto), en sinal de autorización para participar no premio nos termos que se indican nas presentes bases.

3.- As obras deberán enviarse á dirección de correo «15.^a Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio dos Lectores). Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono Industrial de Sabón (15142) Arteixo (A Coruña)», ou por correo electrónico (e-mail) a relatos@lavo.es.

4.- O prazo de presentación de orixinais é o comprendido entre o 13 de xuño e o 14 de xullo do 2014, ambos incluídos.

5.- Un xurado designado pola organización do premio seleccionará, entre todos os recibidos, aqueles relatos que serán publicados ao longo do mes de agosto do 2014 nas Páxinas Literarias de La Voz de Galicia e, simultaneamente, na páxina web (www.lavozdegalicia.es).

6.- Establécense dous premios, un para os participantes que aínda non teñan os 16 anos cumpridos e outro para os que superen esa idade.

7.- Os lectores, a través dos cupóns que o periódico publicará ao efecto, poderán votar os relatos dos lectores que consideren mellores en cada unha das categorías. Os autores gañadores en cada categoría faranse públicos en setembro do 2014.

8.- O autor de ata 15 anos (incluídos) que acade maior puntuación polo seu relato recibirá unha Tablet Primux.

9.- O autor de 16 ou máis anos que acade maior puntuación polo seu relato será obsequiado cunha viaxe para dúas persoas a Europa, cortesía de Halconviajes.com. O premio inclúe:

- Dúas prazas de avión ida e volta en clase Turista (clase X) coa compañía aérea Air Europa dende Galicia (Non válido para voos compartidos. Só destinos onde opere Air Europa). Taxas aéreas non incluídas no premio.
- Traslados coa compañía Welcome Incoming Services (aeroporto - hotel - aeroporto).
- Estancia de 3 días / 2 noites en hotel de 4 * en cuarto dobre estándar, en réxime de aloxamento e almorzo.

Non se poderá gozar deste premio nas seguintes datas: do 15 de xuño ao 15 de setembro; do 15 de decembro ao 15 de xaneiro; festividades locais, pontes, Entroido ou Semana Santa. As datas da viaxe están suxeitas a dispoñibilidade e concertaranse con Halconviajes.com. A data límite para gozar deste premio será o 30 de setembro de 2015. O premio comprende unha única viaxe, a un destino cos requisitos arriba descritos.

10.- Todos os remitentes dos cupóns que participen na votación entrarán no sorteo dunha selección da editorial Biblos Clube de Lectores.

11.- Os premios estarán suxeitos á normativa do IRPF e, en particular, á retención ou ingreso a conta que legalmente corresponda a conta do devandito imposto.

Os premios non son transferibles, nin canxeables polo seu valor en metálico.

12.- Os participantes responsabilízanse da autoría real e orixinalidade dos relatos, así coma dos seus contidos, que non poderán ser ilícitos, ofensivos ou discriminatorios, nin lesionar bens ou dereitos de terceiros. O feito de participar no premio implica a cesión non exclusiva polos autores a La Voz de Galicia, S.A. dos dereitos de explotación sobre os relatos, incluíndo os dereitos de reprodución, recopilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte.

13.- Os datos remitidos polos autores e os remitentes dos cupóns de votación incorporaranse ás bases de datos de La Voz de Galicia, S.A. Ao participar, os anteriores consenten expresamente que La Voz de Galicia, S.A. trate os seus datos para xestionar o premio e ofrecerlles periodicamente información sobre os seus produtos, actividades, servizos e accións, aínda logo de finalizada a actuación. Igualmente, o consentimento outorgado considérase prestado para ceder os seus datos a outras empresas do Grupo ao que pertence La Voz de Galicia, S.A. relacionadas cos sectores editorial, de medios de comunicación e investigación de mercados, mercadotecnia e opinión, que pode atopar referenciadas na web www.lavozdeg Galicia.es, co fin de informar dos seus produtos ou servizos e facer ofertas comerciais. Os autores poderán en

calquera momento oporse, acceder, cancelar e rectificar os seus datos ou oporse ao seu tratamento con fins promocionais a través do e-mail lopd@lavoza.es ou dirixíndose ao enderezo indicado no apartado 3, acreditando debidamente a súa personalidade (ou, no seu caso, a súa condición de representante legal).

Os nomes, idade, biografía e imaxe dos autores poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A., sempre que a comunicación pública estea relacionada coa súa participación no premio.

14.- A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das súas bases. La Voz de Galicia, S.A. resérvase o dereito de interpretalas ante calquera dúbida que puidese xurdir.